REUNIÓN DA COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 11.04.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
- 4 ABR. 2017
Núm. 2235

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de abril de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

1.1 6718 (10/POC-001168)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis
Sobre as previsións da Consellería de Sanidade e do Sergas respecto da introdución, na Plataforma dixital de personalización de servizos sanitarios E-Saúde, dunha nova funcionalidade que lles permita ás persoas usuarias o acceso á información dos seus fillos e persoas ao seu cargo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

2.1 4064 (10/PNC-000379)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia, en colaboración con outras institucións e entidades sen ánimo de lucro dedicadas á protección dos menores, para desenvolver políticas a prol de previr e acabar coa lacra do abuso sexual infantil en Galicia e as actuacións diante do Goberno español para realizar un cambio necesario na lexislación co fin de que non sexa requisito o consentimento de ambos os proxenitores para a intervención psicolóxica de urxencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017

2.2 5723 (10/PNC-000553)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o arranxo pola Xunta de Galicia do aparato de raios X do Punto de Atención Continuada de Noia ou a adquisición dun novo aparato para ese centro

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
- 4 ABR. 2017
Núm. 2235

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017

2.3 5859 (10/PNC-000572)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos relixiosos financiados con fondos públicos no Sistema público de saúde de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017

2.4 5948 (10/PNC-000582)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017

2.5 6704 (10/PNC-000677)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a cobertura polo Goberno galego da totalidade das ausencias dos profesionais do Centro de Saúde de Acea de Ama, en Culleredo, a apertura do novo Centro de Saúde da Avenida do Portádego e a súa dotación dos profesionais necesarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017

2.6 6753 (10/PNC-000681)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actual licitación do contrato para o servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
- 4 ABR. 2017
Núm. 2235

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 04/04/2017 13:56:15

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 11.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 6718(10/POC-001168)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade e do Sergas respecto da introdución, na Plataforma dixital de personalización de servizos sanitarios E-Saúde, dunha nova funcionalidade que lles permita ás persoas usuarias o acceso á información dos seus fillos e persoas ao seu cargo

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6718
Data envio: 15/03/2017 18:32:36.628

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e **Soraya Salorio Porral,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O Servizo Galego de Saúde ven de poñer en marcha a plataforma dixital de personalización de servizos sanitarios *E-Saúde*, xestionada por este organismo autónomo e dirixida a pacientes e cidadáns, coa que se pretenden prover, de xeito ergonómico e accesible dende calquera dispositivo conectado a Internet, unha serie de servizos interactivos e contidos personalizados de saúde en función do perfil do usuario e o seu estilo de vida. Esta plataforma constitúe ademais un punto de encontro virtual entre a cidadanía, os profesionais e o Sistema Público de Saúde de Galicia, que proporciona a todos estes unha serie de ferramentas dixitais que axudan a xestionar a información en saúde dos usuarios e pacientes.

Cos principios de participación, implicación e autonomía, emerxe un novo paciente que demanda un enfoque diferente dos servizos que recibe do sistema sanitario público, que quere dispor de forma accesible de determinados servizos e contidos personalizados en función do seu perfil e necesidades.

Tanto asociacións de pacientes, como pais e nais, así como titores legais e coidadores de persoas maiores, demandan a necesidade de poder acceder a esta

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6718
Data envio: 15/03/2017 18:32:36.628

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

información médica e farmacéutica para os seus fillos, fillas ou persoa a cargo de seu coidado.

Por tal motivo, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Contemplan a Consellería de Sanidade e o Sergas introducir na Plataforma E-Saúde unha nova funcionalidade para poder acceder á información de fillos, fillas e persoas ao cargo?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/03/2017 18:27:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/03/2017 18:28:10

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/03/2017 18:28:21

Marta Rodriguez Arias na data 15/03/2017 18:28:28

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/03/2017 18:28:39

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/03/2017 18:28:48

María Soraya Salorio Porral na data 15/03/2017 18:28:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 11.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 4064(10/PNC-000379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia, en colaboración con outras institucións e entidades sen ánimo de lucro dedicadas á protección dos menores, para desenvolver políticas a prol de previr e acabar coa lacra do abuso sexual infantil en Galicia e as actuacións diante do Goberno español para realizar un cambio necesario na lexislación co fin de que non sexa requisito o consentimento de ambos os proxenitores para a intervención psicolóxica de urxencia

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 10:39
Nº Rexistro: 4064
Data envio: 25/01/2017 10:39:04.696

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

O abuso sexual infantil é unha das formas máis graves de violencia contra a infancia e ten como consecuencia efectos devastadores na vida dos nenos e as nenas que o sofren.

Implica a transgresión dos límites íntimos e persoais do menor, e supón a imposición de comportamentos de contido sexual por parte dunha persoa (un adulto ou outro menor de idade) realizado nun contexto de desigualdade ou asimetría de poder, habitualmente a través do engano, a forza, a mentira ou a manipulación.

Pode incluír contacto sexual, aínda que tamén actividades sen contacto directo como o exhibicionismo, a exposición de nenos ou nenas a material pornográfico, o grooming ou a utilización ou manipulación de nenos ou nenas para a produción de material visual de contido sexual.

Desgraciadamente, e a pesar dos avances na concienciación deste problema, seguen sendo moitos máis os casos de malos tratos infantís ocultos que aqueles que se detectan.

Esta forma de violencia, é desgraciadamente unha realidade máis cotiá do que nos gustaría recoñecer, ao mesmo tempo que se trata dunha realidade oculta polo seu carácter delictivo inherente (o agresor tentará por todos os medios que os seus actos non se revelen), pero tamén polo silencio ao que as vítimas vense condenadas debido as estratexias de manipulación exercidas polo abusador, e pola situación de indefensión na que os nenos, nenas, e adolescentes, se atopan debido limitacións propias da súa idade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 10:39
Nº Rexistro: 4064
Data envio: 25/01/2017 10:39:04.696

Calquera forma de violencia sexual contra os nenos e as nenas é un problema social que ten consecuencias na súa vida, na súa contorna e en todos e cada un dos contextos nos que se desenvolve a vítima. Por iso é polo que os ámbitos para a intervención na protección dos nenos e as nenas contra este tipo de violencia deben incluír, dende a familia e a súa contorna social, aos ámbitos educativo, sanitario, policial e xudicial así como o lexislativo e de políticas públicas.

Dende o Grupo Socialista estamos convencidos da necesidade da urxencia de levar a cabo un esforzo común para detectar e notificar toda situación de malos tratos á infancia, como única maneira de evitar que esta se cronifique e que as secuelas dos malos tratos pasen a ser permanentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar dende a Xunta de Galicia en colaboración coa Fegamp, o Valedor do Pobo, e as entidades sen ánimo de lucro dedicadas á protección dos menores, unha análise do abuso sexual infantil en Galicia, co obxectivo de desenvolver políticas para previr e acabar con esta lacra.
2. Dita análise terá como resultado a presentación no Parlamento de Galicia dun informe sobre o abuso sexual infantil en Galicia no prazo máximo dun ano dende a aprobación desta iniciativa.
3. Impulsar a creación dun servizo público da Xunta de Galicia específico, dependente da Consellería de Política Social, no que traballar dende a lóxica da protección á infancia e da prevención do abuso sexual infantil:
   a) Este servizo garantirá un acompañamento das posibles vítimas mediante a atención e a protección centrada nos nenos e nenas.
   b) O tamaño e número de casos que atenderá este servizo farase de acordo á demanda actual que hai para eliminar a posibilidade de que existan listas de espera.
   c) Este servizo público non requirirá o consentimento de ambos os proxenitores para dar acompañamento de urxencia.
   d) Garantirá a axilidade de procedementos ante a situación de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 10:39
Nº Rexistro: 4064
Data envio: 25/01/2017 10:39:04.696

vulnerabilidade dos menores, para dar coñecemento ao órgano competente do poder xudicial ou ao Ministerio Fiscal.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para realizar un cambio na lexislación necesario para que non sexa requisito o consentimento de ambos os proxenitores para a intervención psicolóxica de urxencia, en todos os casos nos que puidese existir indicios de que un deles maltrate ou abuse dun menor baixo revisión xudicial.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 25/01/2017 10:15:38

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2017 10:15:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/01/2017 10:15:55

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 11.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 5723(10/PNC-000553)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o arranxo pola Xunta de Galicia do aparato de raios X do Punto de Atención Continuada de Noia ou a adquisición dun novo aparato para ese centro

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:46
Nº Rexistro: 5723
Data envio: 27/02/2017 11:46:39.715

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.ª, en relación á máquina de Raios X do Punto de Atención Continuada de Noia.**

Ante a avaría da máquina de Raios X do Punto de Atención Continuada de Noia, o servizo leva máis dun mes parado coa consecuencia de que os pacientes teñen que ser derivados a Santiago de Compostela, consecuencia que non só afecta aos pacientes de Noia senón tamén aos concellos do Porto do Son, Lousame, Outes e Muros.

A Xerencia da área sanitaria de Santiago, ten constancia de esta deficiencia, pero a día de hoxe a máquina segue sen estar reparada o usen ser adquirida unha nova máquina, situación que debe ser ser solucionada pois provoca unha grave deficiencia nos servizo de asistencia sanitaria da comarcal.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia ao arranxo inmediato ou ben a nova adquisición dunha máquina de Raios X para o Punto de Atención Continuada de Noia.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández, Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea Voceiro do G.P de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:46
Nº Rexistro: 5723
Data envio: 27/02/2017 11:46:39.715

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 27/02/2017 11:45:16

Luis Villares Naveira na data 27/02/2017 11:45:25

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 11.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 5859(10/PNC-000572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos relixiosos financiados con fondos públicos no Sistema público de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:47
Nº Rexistro: 5859
Data envio: 01/03/2017 13:47:47.825

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

O sistema público de saúde vén sufrindo nos últimos 8 anos unha saturación de recortes en recursos persoais e materiais que, como se vén advertindo continuamente, redunda nun déficit asistencial por non ter capacidade de atender correctamente a todas as demandas coa maior calidade posible.

A pesar desto, o Sergas segue mantendo algún servizo que non sofre estes recortes, como é a existencia de capeláns e espazos relixiosos católicos dentro dos centros hospitalarios. A dificultade para obter datos oficiais ao respecto impide facer un estudio preciso, pero se calculan 45 capeláns dentro da rede de hospitais, que lle supoñen á Consellería de Sanidade máis de 700.000 euros anuais para cubrir un servizo que corresponde ao ámbito persoal e privado.

Dende sempre, a apelación as tradicións e costumes serviu para continuar con este servizo, pero a actualidade de necesidade de axustar os recursos, así como a maior facilidade das persoas para verse atendidas polas distintas relixións que desexen profesar u practicar, e a condición aconfesional de España, fan innecesario este gasto directo por parte da consellería.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:47
Nº Rexistro: 5859
Data envio: 01/03/2017 13:47:47.825

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a retirar do sistema de saúde de Galicia os servizos relixiosos financiados polos orzamentos públicos, respectando a liberdade individual de cada persoa con respecto á relixión que desexe practicar ou a non práctica de ningunha.

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2017 13:13:01

Noela Blanco Rodríguez na data 01/03/2017 13:13:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/03/2017 13:13:12

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 11.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 5948(10/PNC-000582)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:25
Nº Rexistro: 5948
Data envio: 02/03/2017 13:25:51.994

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 5.ª

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Vigo ditou sentenza o 23 de novembro de 2016 contra a Resolución da Dirección Xeral de Política Social da Xunta de Galicia na que se informaba á persoa reclamante de que dispuña de 6 meses de prazo para constituír un fogar independente e que no caso contrario se procedería a retirarlle a RISGA. A demandante compartía domicilio con outra persoa que non formaba parte da unidade de convivencia beneficiaria e que tamén é perceptora da RISGA.

O 23 de novembro de 2015, a Dirección Xeral de Política Social notificoulle á demandante que, conforme á nova regulación, como norma xeral só procedía conceder unha renda de integración por domicilio, de xeito que dispuña de seis meses para constituír un fogar independente ou se extinguiría o dereito á prestación.

Efectivamente, a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no seu artigo 11 di:

“Artigo 11. Unidade de convivencia. Criterios e regras de aplicación

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:25
Nº Rexistro: 5948
Data envio: 02/03/2017 13:25:51.994

1. Como regra xeral concederase unha soa renda por domicilio, entendido como marco físico de aloxamento da unidade de convivencia da que forma parte a persoa titular da prestación.

2. Para os efectos do previsto nesta lei considerarase unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente."

Tras analizar a aplicación do artigo 11 ao caso concreto da persoa demandante, conclúe a sentenza que "Sería inverosímil que dúas persoas que perciben sendas prestacións (persoais e intransferibles, di o art. 6.3) para eludir a súa exclusión social tiveran que eludirse mutuamente para non incorrer en esaxerada inclusión" e declara "contraria ao ordenamento xurídico a condición imposta á demandante na resolución recorrida – constituír un fogar independente no prazo de seis meses – para non sufrir a extinción da prestación".

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comision 5.ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a presentar ante o Parlamento, neste período de sesións, un Proxecto de Lei de Modificación da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia que recolla o sentido e interpretación da sentenza nº 389 que o Contencioso Administrativo número 1 de Vigo ditou o 23 de novembro de 2016 contra unha Resolución da Dirección Xeral de Política Social da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 13:25
Nº Rexistro: 5948
Data envio: 02/03/2017 13:25:51.994

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira,

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/03/2017 13:23:18

Luis Villares Naveira na data 02/03/2017 13:23:32

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 11.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.5 6704(10/PNC-000677)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a cobertura polo Goberno galego da totalidade das ausencias dos profesionais do Centro de Saúde de Acea de Ama, en Culleredo, a apertura do novo Centro de Saúde da Avenida do Portádego e a súa dotación dos profesionais necesarios

Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:31
Nº Rexistro: 6704
Data envio: 15/03/2017 13:31:17.905

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a lista de espera a falta de dotación no centro de saúde de Culleredo.

Desde principios do mes de decembro do pasado ano 2016, usuari@S do Centro de Saúde de Acea da Ma en Culleredo, veñen recibindo chamadas por parte d@s empregad@s de dito centro para reprogramar citas médicas que levaban marcadas xa con semanas de antelación. A razón destas reprogramacións, segundo este mesmo persoal do centro, é a falla de profesionais para cubrir ausencias d@s médicos de cabeceira.

Nalgúns casos, @s usuari@s chegaron ao Centro de Saúde e atopáronse que ningún/ha médic@ os puido atender.

A esta situación contribúe tamén o retraso continuado na apertura do novo Centro de Saúde do Portádego, rematado, máis sen actividade. Recordar que inicialmente se prantexaba a súa apertura no verán de 2015, e que tras da visita de inauguración, a bombo e pratillo o 1 de agosto, o centro segue pechado.

Desde o BNG seguimos con preocupación a falta de dotación adicional coa que vai contar esta nova instalación, porque entendemos que son necesari@s máis profesionais, que non abonda cunha nova distribución do persoal existente xa no centro de saúde de Acea da Ma, dada a súa insuficiencia e o posible aumento das ratios que atenderá o novo centro pola súa proximidade a núcleos poboacionais do Concello da Coruña, para os que este será o centro máis próximo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:31
Nº Rexistro: 6704
Data envio: 15/03/2017 13:31:17.905

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razón expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Que proceda a cubrir a totalidade das ausencias d@s profesionais do centro de saúde.

-Que de xeito inmediato proceda á apertura do novo centro de saúde do Portádego.

-Que dote c@s profesionais precisos este centro para que poida prestar unha asistencia sanitaria de calidade."

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:31
Nº Rexistro: 6704
Data envio: 15/03/2017 13:31:17.905

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2017 13:28:12

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2017 13:28:18

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2017 13:28:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2017 13:28:24

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2017 13:28:28

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2017 13:28:31

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 11.04.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.6 6753(10/PNC-000681)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actual licitación do contrato para o servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 18:13
Nº Rexistro: 6753
Data envio: 16/03/2017 18:13:47.694

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á situación do contrato do Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza.

O Comité de Empresa de Compostela de Grupo Norte-Limpeza da Xunta de Galiza, puxéronse en contacto co Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego para facernos chegar toda unha serie de irregularidades que teñen apreciado na licitación do Servizo de Limpeza da Xunta de Galiza.

Con data 31 de outubro de 2014 a Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asina o contrato de adxudicación do Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza á empresa Limpezas Pisuerga Grupo Norte S.A. LIMPISA. A vixencia do contrato establécese por un período de un ano, entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de outubro de 2015. Este contrato foi obxecto de diferentes modificacións, a primeira xa se realizou no mesmo mes da adxudicación do contrato, outubro 2014, a seguintes foron: decembro 2014, febreiro 2015, setembro 2015 e maio 2016.

Estas modificacións foron acompañadas tamén de diferentes prórrogas do contrato: 1 de novembro 2015 a 30 de abril de 2016, 1 de maio 2016 a 31 de outubro 2016, 1 de novembro 2016 a 30 de novembro de 2016 e do 1 de decembro de 2016 a 30 de abril de 2017.

Os representantes sindicais denuncian que son moitas as irregularidades detectadas no cumprimento do contrato, mantemento do número de traballadores/as establecido, substitucións, diferenza entre as contías cobradas e as oficiais, persoal que aparece no contrato

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 18:13
Nº Rexistro: 6753
Data envio: 16/03/2017 18:13:47.694

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e na relación de postos de traballo que ninguén coñece, persoal con antigüidade recoñecida que non aparece no cadro de persoal poucos meses antes, pluses de cuantías moi relevantes que non se corresponden co establecido en convenio…

Denuncia tamén o Comité de Empresa que a Administración, non só non estivo a velar polo cumprimento do contrato, senón que se lle ten denegado sistematicamente a documentación do concurso, a pesares de tela solicitado en varias ocasións.

Ao mesmo tempo representantes das Asociacións de Empresarios de Limpeza de Galiza trasladáronnos a preocupación e inquedanza que xerou no sector este "macroconcurso", que na práctica, impide a participación das pequenas e medianas empresas no mesmo, xa que ningunha pode facer fronte ás condicións económicas dun importe tan elevado do mesmo, ao mesmo tempo que alertan da destrución de emprego directo e indirecto e da redución de ingresos polos impostos correspondentes toda vez que as empresas que acaban levando estes concursos son de fóra de Galiza.

Estas asociacións empresarias presentaron recurso, solicitando a anulación do procedemento de contratación, que lle foi desestimado.

Lonxe de clarificar a situación, a Xunta de Galiza facía público o 3 de xaneiro o novo concurso para a adxudicación do Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza, nun claro exercicio de irresponsabilidade, constatada no feito de que a escasos días de rematar o prazo para presentar as ofertas seguía sen haber información clara de cal era o número de traballadores/as, dereitos recoñecidos, persoal que ten que ser subrogado… Información toda ela relevante para as empresas que teñan interese en presentar ofertas.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 18:13
Nº Rexistro: 6753
Data envio: 16/03/2017 18:13:47.694

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

Que procesa á paralización da actual licitación do contrato para o Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza, en tanto non se clarifique a situación.

Que realice unha nova licitación, na que se establezan mecanismos para favorecer que o tecido empresarial galego, de pequena e mediana empresa, teña accesibilidade á mesma.

Que inicie o proceso para prestar directamente o Servizo de Limpeza dos Edificios Administrativos da Xunta de Galiza."

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/03/2017 18:12:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 18:13
Nº Rexistro: 6753
Data envio: 16/03/2017 18:13:47.694

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/03/2017 18:12:09

Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2017 18:12:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/03/2017 18:12:16

Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2017 18:12:19

Ana Pontón Mondelo na data 16/03/2017 18:12:22